

Nº EXPTE: 52/2023

## DECRETO DE ALCALDÍA

### Antecedentes

- Orde do 21 de febreiro de 2022, reguladora das bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, 2022 (TR353A).
- Resolución da Xefatura Territorial De Pontevedra-Sede Vigo, do Servizo De Coordinación Administrativa e Xestión Económica, rexistrada o 29/07/2022 no Concello de Caldas de Reis, pola que se concede de subvención ao CONCELLO DE CALDAS DE REIS.
- DECRETO 2022-1827, que data de 30/09/2022, Decreto nomeamento equipo técnico obradoiro de emprego 2022.
- Con data 01/12/2022 se recibe escrito de cese de docente de albanelería
- DECRETO Núm 2022-2289, de data 20/12/2022 polo que se Aprobación Bases Docente Albanelería.
- Notificación que data 02/01/2023, polo que se informe de non validación do candidato proposto polo concello de Caldas de Reis.
- Notificación que data de 18/01/2023, resolución de aceptación de modificación substancial do proxecto do Obradoiro de Emprego. Cambio dos certificados de profesionalidade: COLOCACIÓN DE PEDRA NATURAL có código IEXDO409.
- Informe Núm 2023-0003 de 18/01/202 de Secretaria e Intervención Municipal, de carácter desfavorable.

Á vista do exposto, e facendo uso das atribucións previstas no artigo 21.1 h) e s) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Aprobar as Bases do proceso selección do Docente de Cantería para o Obradoiro de Emprego “OS CAMIÑOS DO CAMIÑO III” CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

**SEGUNDO.** Ordenar a publicación das Bases da Convocatoria no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, remitir a Oferta a Oficina de Emprego e publicación no Faro de Vigo.

Caldas de Reis, xaneiro de 2023

Documento datado e asinado dixitalmente

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



**BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE CANTERÍA PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “OS CAMIÑOS DO CAMIÑO III” DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS (EXP: 36/00020/2022).**

**Primeira.- OBXECTO.**

Estas bases teñen como finalidade, regular o procedemento de selección do persoal docente cantería para o obradoiro dual de emprego “OS CAMIÑOS DO CAMIÑO III” do Concello de Caldas de Reis (exp: 36/00020/2022).

**A PRAZA que se convoca é:**

- **1 EXPERTO/DOCENTE EN CANTERÍA : Xornada completa, ata o 02/10/2023 (Data fin de obradoiro). Certificado de profesionalidade: COLOCACIÓN DE PEDRA NATURAL (IEXD0409).**

En atención ás funcións a desenvolver, efectuaránse nomeamentos de funcionario/a por programa (artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

O nomeamento á que se refiren as presentes bases financiaranse pola Xunta de Galicia, no marco do disposto na Orde do 21 de febreiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 133 do 08-03-2022). Os nomeamentos quedan condicionados á previa confirmación da efectiva disposición do financiamento municipal.

As retribucións brutas mensuais que corresponden á praza convocada son as seguintes:

	PRAZAS CONVOCADAS	BRUTO MENSUAL
(1p)	Docente Cantería	1.983,33€

**Segunda.- FUNCIÓN DO POSTO DE TRABAJO.**

As funcións que corresponden ao postos de traballo obxecto desta convocatoria son:

**EXPERTO DOCENTE:**

1. Programar os contidos do plan formativo da especialidade.
2. Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada.
3. Avaliar a aprendizaxe dos alumnos.
4. Manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.
5. Responsabilizarse do bo uso e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
6. Poderán ocuparse do desenvolvemento e impartición de materias complementarias, segundo as necesidades para o bo desenvolvemento e funcionamento do proxecto.



### Terceira.- NOMEAMENTO DO ASPIRANTE SELECCIONADO

O Concello efectuará o correspondente nomeamento de funcionario/a por programa, nos termos indicados na base primeira.

### Cuarta.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- REQUISITOS XERAIS.

Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.

Posuír un bo nivel de comprensión oral e escrita.

Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego.

Coñecemento da normativa que regula o programa de obradoiros de emprego.

- REQUISITOS MÍNIMOS: os previstos nos **baremos anexos** a estas bases.

A posesión destes requisitos mínimos condicionarán a admisión dos candidatos ao proceso selectivo.

**Pasarán á fase de Valoración de méritos unicamente, as persoas aspirantes que reúnan os requisitos mínimos para cada posto.**

En todo caso, os aspirantes deberán posuír os requisitos (xerais e mínimos) ou estar en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

### Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA NA OFICINA DE EMPREGO E PUBLICACIÓN EN PRENSA

A OFERTA DE EMPREGO que será elaborada polo Concello de Caldas de Reis e asinada polo Alcalde-Presidente remitirase a **oficina e emprego e publicarase o anuncio** desta convocatoria nun dos xornais de maior implantación na comarca.

As persoas interesadas en tomar parte nestes procesos selectivos deberán presentar no rexistro xeral do Concello (previa cita) sito na rúa Ferrería nº 1, 36650, Caldas de Reis ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello, ou polos medios definidos no artigo 16 da lei 39/2015, solicitude dirixida ó Alcalde-Presidente, na que farán constar que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos na base 4 xunto cos méritos alegados, no **prazo de 3 HÁBILES**, contados a partir do seguinte da **recepción da carta** da oficina de emprego ou da publicación do **anuncio desta convocatoria nun dos xornais de maior** implantación na comarca.

Así mesmo a convocatoria, xuntamente coas bases estará exposta no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) deberá

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



facelo constar mediante correo electrónico ao Concello de Caldas de Reis (concello@caldasdereis.gal) achegando a solicitude presentada onde conste o selo coa data de presentación que deberá ser recibido antes da finalización do prazo para presentación de instancias.

#### **Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección constará dunha valoración de méritos en base aos baremos que se inclúen como anexos a estas bases.

#### **Acreditación de requisitos e méritos:**

a) **A EXPERIENCIA PROFESIONAL** acreditarase:

- Traballo por conta allea: acreditada a través de certificación oficial da vida laboral actualizada; máis copia de contratos ou nóminas onde figura a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.
- Traballadores autónomos: mediante certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas en que conste os servizos prestados.
- Traballo realizado no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

O cómputo da experiencia realizarase, de acordo cos datos reflectidos no Certificado de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, de requirirse un período de experiencia para un posto, este haberá de ser a xornada completa.

b) **A FORMACIÓN** acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparte a formación, facendo referencia inescusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.

As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditara resolución provisional, que será publicada no taboleiro de edictos do Concello, e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal> establecendo a relación de aspirantes incluídos e excluídos no proceso coa indicación das causas de exclusión e a concesión dun prazo dun día hábil para a subsanación de deficiencias. Dita resolución incluírá a composición do tribunal así como o lugar, día e hora de constitución do tribunal, e de desenvolvemento do proceso selectivo.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se probe a lista

### **Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



definitiva que será publicada de igual forma a provisional. No caso de non presentarse reclamacións, a resolución provisional devendrá en definitiva.

Así mesmo, os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

#### **Sétima.- VALORACIÓN DE MÉRITOS.**

O tribunal valorará, en base aos baremos anexos ás presentes bases, os méritos alegados coa solicitude das persoas candidatas.

A puntuación máxima será de 10 puntos.

A declaración provisional das puntuacións farase nunha sesión do tribunal. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas aos méritos alegados.

Exporase a relación provisional das puntuacións na sede electrónica do concello de Caldas de Reis <https://caldasdereis.sedelectronica.gal> e no taboleiro do Concello de Caldas de Reis. Nesta relación figurará o día que se concede para formular alegacións á valoración dos méritos e data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

Rematado o prazo de alegacións, o tribunal, noutra sesión, resolverá as alegacións formuladas e establecerá a relación definitiva das puntuacións.

Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que, necesariamente, figurarán as puntuacións acadados das persoas candidatas que tiveren superado o procedemento selectivo e que determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes para a súa ulterior contratación ou nomeamento pola entidade promotora .

Os posibles empates nas puntuación dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos na base nóvena.

#### **Oitava.- Puntuación Final. Contratación.**

Unha vez elaborada a proposta de persoal docente a nomear para o proxecto, o concello remitirala á xefatura territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do persoal docente proposto non cumprira ditos requisitos a xefatura comunicarllo ao concello para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. O proxecto non poderá dar comezo en tanto a Xefatura non comprobe que o persoal docente reúne ditos requisitos.

O Concello de Caldas de Reis nomeará a persoa aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto polo tribunal.

As puntuacións finais e o nome da persoa candidata proposto para seren nomeado polo concello e os dos integrantes da lista de reserva, publicaranse na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios do Concello de Caldas de Reis.

Unha vez publicadas as puntuacións do proceso de selección, a persoa candidata deberá no prazo máximo de **1 día hábil** comunicar por escrito ao Concello de Caldas de Reis a súa aceptación ou renuncia á praza. Se transcorrido devandito prazo non se confirma a praza, segundo o anterior, considerarase que se renuncia á mesma, que pasará a adjudicarse ao

---

### **Concello de Caldas de Reis**

seguinte candidato con maior puntuación, tendo igualmente a obrigaón de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza.

**Novena.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.**

Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios:

- A persoa que se atope en situación de desempregado.
- A puntuación correspondente ás titulacións preferentes.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia docente.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- A puntuación obtida no apartado de coñecementos do idioma galego.

**Décima.- LISTA DE RESERVA.**

Rematado o proceso selectivo, o tribunal elaborará unha lista de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases da selección, obtiveren as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa proposta para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produciren unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.

De non haber persoas candidatas, iniciárase un novo procedemento selectivo.

**Décimo primeira.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

O Tribunal estará integrado por: 1 Presidente/a; 1 Secretario/a e 2 Vogais, que serán empregados públicos do Concello de Caldas de Reis ou dos concellos limítrofes

Os membros do Tribunal terán voz e voto, excepto o secretario que terá voz, mais non voto.

O Tribunal poderá acadar, se o estimase procedente e axeitado, o asesoramento dun ou varios expertos/as que formarán parte do Tribunal con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da Lei 40/2015 de 1 de outubro.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo do Presidente, Secretario e un terzo dos vocais.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde – Presidente.

**Décimo segunda.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.**

A persoa seleccionada e proposta polo Tribunal deberá presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos no prazo que publicárase nos listados definitivos.

No caso de renuncia ou que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, a persoa seleccionada non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

---

**Concello de Caldas de Reis**



Neste caso a Alcaldía poderá acordar o nomeamento da persoa seleccionada seguinte na lista, que obtivera a seguinte mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

A persoa candidata proposta e nomeada comezará a prestar servizos na data que se lle indique pola Alcaldía.

#### **Décimo terceira.- INCIDENCIAS, IMPUGNACIÓN E SUPLETORIEDADE**

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

De conformidade co previsto polo artigo 14º da orde do 21 de Febreiro de 2022 (DOG 08-03-2022) da Consellería de Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que o Concello de Caldas sexa un organismo público.

#### **Décimo cuarta.- CLÁUSULA PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

En cumprimento do disposto no REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPD), e da Lei Orgánica 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un rexistro de actividade coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Caldas de Reis.

As persoas interesadas autorizan ao Concello de Caldas de Reis a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección supón o consentimento expreso para tratar a información nos termos indicados.

Caldas de Reis, xaneiro de 2023

O Alcalde



**BAREMO SELECCIÓN EXPERTO-DOCENTE CANTERÍA OBRADOIRO DE EMPREGO “OS CAMIÑOS DO CAMIÑO III”**

**REQUISITOS MÍNIMOS:**

Os establecidos para os certificados de: **IEXD0409 COLOCACIÓN DE PEDRA NATURAL (RD 713/2011, de 20 de maio)**

- **TITULACIÓN REQUIRIDA** de la familia profesional de Pedra.
  - a. Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
  - b. Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
  - c. Técnico Superior das familia profesional de Edificación e Obra Civil ou Industrias Extractivas.
  - d. Certificados de Profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Pedra Natural da familia profesional de Industrias Extractivas.
  - e. Certificados de Profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Albanelería e acabados da familia profesional de Edificación e Obra Civil.
- **EXPERIENCIA PROFESIONAL NA ESPECIALIDADE**, no ámbito empresarial ou de obradoiros de emprego/escolas obradoiro, nos últimos 10 anos, mínimo oficial 1ª. Requírese 1 ano de experiencia profesional con titulación requirida ou 3 anos de experiencia profesional sen titulación requirida
- **COMPETENCIA DOCENTE** (Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo)

**\* Estarán exentos do certificado de profesionalidade:**

- a) Licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía o de Mestre en todas as súas especialidades, ou título de grao no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía ou postgrao nos citados ámbitos.
- b) Título de Especialización didáctica expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente.
- c) Acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos *600 horas nos últimos sete anos* en formación profesional **para o emprego ou do sistema educativo**.

**\*Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior**

**\*Baremarase, unicamente, os currículos que reúnan os requisitos mínimos.**

**1.- TITULACIÓN ACADÉMICA (Regrada) PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50**

1.1 Titulación académica requirida, relacionada coas funcións a desenvolver, .....máximo 1,50.

- Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.
- Técnico Superior das familia profesional de Edificación Y Obra Civil E Industrias Extractivas.
- Certificados de Profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Albanelería

1.2 Outra titulación distinta á requirida, sempre relacionada coas funcións a desenvolver... máximo 1,00

**2.- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Relacionada co posto, só nos 10 últimos anos....PUNTUACIÓN MÁXIMA 1,50**

(Só se valorarán os cursos de duración igual ou superior a 20 horas, relacionados directamente coas funcións a desenvolver no posto e realizados nos 10 últimos anos)

2.1 Cursos relacionados co posto, .....máximo 1,5

Cursos de 20 a 99 horas ..... 0,10

Cursos de 100 a 299 horas .....0,20

Cursos de 300 a 599 horas .....0,40

Cursos a partir de 600 horas .....0,60

---

**Concello de Caldas de Reis**

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393





- 2.2 Cursos en Prevención de Riscos . **Só se valorará o grao superior alegado**, .....máximo 0,60  
 Curso Básico xeral .....0,10  
 Curso Medio .....0,40  
 Curso Superior .....0,60  
 2.3 Cursos de **Informática**: coñecementos nivel de usuario, .....máximo 0,40  
 Cursos de 30 a 49 horas.....0,10  
 Cursos de 50 a 99 horas.....0,20  
 Cursos a partir de 100 horas.....0,40

**3.- EXPERIENCIA LABORAL NA ESPECIALIDADE(Mínimo oficial 1ª) Puntuación Máxima 6,65**

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos ou nómina onde figure a categoría profesional(\*). Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.

**3.1.- Nos últimos 10 anos:**

- 3.1.1. Experiencia en E.O/OE ou C.O. na especialidade. Por cada mes, 0,08.....máximo 5,00  
 3.1.2. Experiencia Docente en Formación Profesional Ocupacional ou Regrada con maiores de 16 anos.  
 Por cada mes, 0,07.....máximo 5,00  
 3.1.3. Experiencia Profesional . Por cada mes, 0,07.....máximo 5,00

**3.2.- No resto da súa vida laboral:**

- 3.2.1. Experiencia en EO/OE ou CO. na especialidade. Por cada mes, 0,03.....máximo 2,5  
 3.2.2. Experiencia Docente en Formación Profesional Ocupacional ou Regrada con maiores de 16 anos.  
 Por cada mes, 0,03.....máximo 2,5  
 3.2.3. Experiencia Profesional . Por cada mes, 0,03.....máximo 2,5

**4.- COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO:.....Puntuación Máxima 0,25**

- 4.1. Certificado de Lingua Galega C3 ou equivalente..... 0,05  
 4.2. Certificado de Lingua Galega C4 ou equivalente..... 0,10  
 4.3. Certificado de Lingua Galega C5 ou equivalente ..... 0,25  
 4.4. Curso de Nivel Superior de Linguaxe administrativo.....0,25

\***Só se valorará o grao superior alegado e homologado** pola Dirección Xeral de Política Lingüística

**5.- DESEMPREGO. Non melloras de emprego. 0,10**

**NOTAS IMPORTANTES PARA O BAREMO**

- 1 Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- 2 Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada ou cotexada pola oficina de emprego.
- 3 Os cursos que non especifiquen o **contido** e número de horas non se contabilizarán.
- 4 Os cursos con contidos similares, só se valorará o que sexalle máis favorable.
- 5 A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.

No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.

(\* ) A **categoría** a ter en conta será, **exclusivamente**, a que figure no contrato ou na nómina.

